

# CONSTRUAMOS UN FUTURO SEN PLÁSTICO

Voz  NATURA



23ª edición

Curso 2019/2020

## BASES

1 - Poden participar no programa os alumnos de educación infantil, primaria, secundaria, especial, bacharelato e formación profesional de calquera centro escolar de Galicia, escolas obradoiro e asociacións medioambientais.

2 - A participación será por equipos, baixo a dirección dun ou varios profesores ou educadores. Dadas as características do programa, considérase fundamental a colaboración de toda a comunidade escolar, mesmo cando a realización concreta do proxecto recaia sobre un equipo de profesores e se centre nun nivel determinado ou nun grupo de alumnos.

3 - A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, recoñecerá como **actividade de innovación educativa** —cunha equivalencia de quince horas de formación permanente do profesorado— a coordinación dos proxectos Voz Natura ao persoal docente de centros sostidos con fondos públicos dependentes da devandita Consellería. Así, ao final do curso, o/a coordinador/a de cada proxecto recibirá a súa correspondente **certificación**.

4 - Cada equipo participante implicarase no deseño, execución e seguimento dun proxecto medioambiental que deberá desenvolverse no centro educativo ou no municipio onde estea ubicado.

## Proxecto de actuación

5 - A solicitude de participación realizarase utilizando o formulario de inscrición. Nel facilitaranse os datos relativos ao centro, nome do director, responsable do proxecto e lista de colaboradores, plan detallado de acción, calendario de actividades, relación de necesidades materiais, orzamento de actuación e permisos correspondentes.

As solicitudes de inscrición deberán presentarse **antes do 15 de marzo do 2019**. A inscrición realizarase mediante o formulario online aloxado na web do programa ([www.voznatura.es](http://www.voznatura.es)). No caso de non ser posible realizarlo deste xeito, poderase contactar coa organización do programa e buscar un sistema alternativo.

# CONSTRUAMOS UN FUTURO SEN PLÁSTICO

Voz Natura



## Aprobación de proxectos

6 - Un Comité Científico —integrado por destacados persoeiros do mundo da ciencia, a educación e a comunicación— seleccionará os proxectos en función da orixinalidade dos mesmos, o seu interese, a participación da comunidade educativa e a viabilidade. Examinará cada un e poderá formular cantas observacións considere oportunas, que deberán ser incorporadas ao proxecto definitivo.

7 - O Comité Científico cualificará os proxectos de 0 a 10 puntos, de acordo co seu nivel técnico científico e a súa cuantificación económica. Por cada punto outorgado, a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre financiará un 10% do traballo que se pretende realizar. Valoraranse especialmente aquellas **propostas de acción directa sobre o medio**, como recuperación de zonas degradadas, limpeza de ríos ou praias, plantación de árbores, agricultura ecolóxica, reciclaxe, protección da biodiversidade, desenvolvemento sostible, posta en valor e coidado do patrimonio etnográfico, etcétera.

8 – Nesta edición, Voz Natura dará especial protagonismo ás actividades relacionadas coa eliminación dos plásticos. Propónse aos participantes que, xunto con outras accións directas para recuperar e protexer os espacios naturais, inclúan nos seus proxectos actividades orientadas a reducir a produción e consumo de plásticos, buscando alternativas más sustentables e respectuosas co medio ambiente. Valoraranse, ademáis, as limpezas no seu entorno e as accións para concienciar á sociedade sobre os efectos adversos que orixinan estes materiais na saude humana e nos ecosistemas.

9 - No mes de xuño do 2019, Voz Natura fará públicos no xornal La Voz de Galicia e na páxina web [www.voznatura.es](http://www.voznatura.es) os proxectos aprobados e porase en contacto cos equipos seleccionados para comunicarllles a avaliación do Comité Científico e o financiamento concedido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, así como para solicitarllles a relación definitiva e completa do material necesario para a realización dos proxectos.

10 - Ningún centro escolar poderá comprometer gastos a cargo do financiamento da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre antes de remitir a Voz Natura a citada relación de material e ser autorizado expresamente por escrito para realizar contratacóns por un importe determinado. Nesta autorización hase especificar o procedemento para a realización das compras dos materiais solicitados. En ningún caso a axuda concedida se fará en metálico.

11 - Co fin de garantir a realización dos proxectos, a dirección de cada centro asumirá a responsabilidade, en última instancia, da súa total execución.

# CONSTRUAMOS UN FUTURO SEN PLÁSTICO



## Desenvolvemento de Actividades

12 - O desenvolvemento dos proxectos comezará co inicio do curso escolar 2019-2020. A efectos de valoración final do proxecto, os centros responsabilizaranse da coordinación e da elaboración dos traballos e velarán porque o seu contido non sexa ilícito, ofensivo e/ou discriminatorio, nin lesione bens ou dereitos, incluídos dereitos de imaxe, de terceiros.

13 - O Comité Científico avaliará a actuación de cada equipo, o desenvolvemento dos traballos e os resultados obtidos. Estas avaliaciós hanse ter en conta á hora de proceder á valoración dos proxectos e distribución dos premios cos que está dotado o programa e dos que se informará oportunamente a través dos medios da Corporación Voz de Galicia.

14 - O proxecto aprobado de forma definitiva non poderá ser modificado parcial nin totalmente sen a correspondente autorización previa da dirección de Voz Natura.

15 - Sen prexuízo da certificación á que, no seu caso, poidan ter dereito os coordinadores dos proxectos Voz Natura de centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade coa cláusula 3 anterior, todos os equipos e centros representados no programa recibirán un diploma de participación emitido pola Fundación. Aqueles centros que, ao xuízo do Comité Científico, desenvolvan os proxectos de maior interese, recibirán uns premios que serán entregados nun acto público. Estes premios estarán suxeitos á lexislación vixente e, en particular, á normativa vixente en materia de retencións e pagos a conta.

16 - O feito de participar no programa implica a cesión en exclusiva polos autores á Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre dos dereitos de explotación sobre os traballos, incluíndo os dereitos de reproducción, recompilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máximo prazo de tempo que recoñece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte, incluída Internet.

## Disposición final

17 - Os participantes no programa Voz Natura, polo feito de participar, aceptan as presentes bases, así como as decisiós que puidese adoptar a dirección de Voz Natura a efectos da interpretación ou resolución de cuestiós non recollidas nas mesmas. As decisiós do Comité Científico e o ditame do xurado calificador dos traballos son inapelables.

# CONSTRUAMOS UN FUTURO SEN PLÁSTICO

Voz NATURA



## Protección de datos

18 - Infórmase de que o responsable do tratamiento dos datos dos participantes no programa é a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, con dirección postal en Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), teléfono: 981180180\* e correo electrónico: [lpd.fundacion@lavoz.es](mailto:lpd.fundacion@lavoz.es), A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre ten designado un Delegado de Protección de datos, con correo electrónico: [dpo@lavoz.es](mailto:dpo@lavoz.es).

Os profesores que desexen participar no programa deberán achegar os datos que se solicitan no formulario de inscrición. Os datos requiridos son necesarios para a súa inclusión no programa, en caso contrario non poderemos tramitar a solicitude.

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre tratará os datos dos profesores para a xestión e organización do programa, sendo a base legal para o tratamento destes datos a execución da relación contractual cos participantes.

Naqueles casos en que, no marco da súa participación no programa Voz Natura, os profesores dean acceso ou fagan chegar á Fundación datos e/ou a imaxe de terceiros para a realización, xestión ou divulgación do programa, con carácter previo comprométense a informar das presentes bases e a solicitar o consentimento dos interesados ou ben, no caso de que sexan menores de 14 anos, dos seus pais ou tutores legais.

O nome e a imaxe dos participantes, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo a Fundación Santiago Rey Fernández- Latorre, sempre que dita comunicación pública estea relacionada coa súa participación no programa ou coa publicación dos seus traballos -salvo que o autor solicite calquera modificación con arranxo á normativa vixente-.

Con idénticas finalidades ás sinaladas na presente cláusula, os interesados consenten expresamente a cesión dos datos que facilitasen para a súa participación no programa a La Voz de Galicia, S.A., editora do diario La Voz de Galicia e [www.lavozdegalicia.es](http://www.lavozdegalicia.es), e Voz de Galicia Radio, S.L.U., titular da emisora RadioVoz.

Salvando o anterior, non se realizarán cesións de datos persoais a terceiros, excepto no caso de que exista unha obrigación legal. Así mesmo poderán ter acceso a datos persoais os provedores (encargados do tratamento) da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre que necesiten acceder a datos para a prestación de servizos contratada que, a título enunciativo e non limitativo, prestan servizos nos sectores de servizos administrativos, xestión de sitios web; os provedores utilizarán os datos únicamente para a prestación do servizo e

# CONSTRUAMOS UN FUTURO SEN PLÁSTICO

Voz NATURA



## Protección de datos

18 - Infórmase de que o responsable do tratamiento dos datos dos participantes no programa é a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, con dirección postal en Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), teléfono: 981180180\* e correo electrónico: [lpd.fundacion@lavoz.es](mailto:lpd.fundacion@lavoz.es), A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre ten designado un Delegado de Protección de datos, con correo electrónico: [dpo@lavoz.es](mailto:dpo@lavoz.es).

Os profesores que desexen participar no programa deberán achegar os datos que se solicitan no formulario de inscrición. Os datos requiridos son necesarios para a súa inclusión no programa, en caso contrario non poderemos tramitar a solicitude.

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre tratará os datos dos profesores para a xestión e organización do programa, sendo a base legal para o tratamento destes datos a execución da relación contractual cos participantes.

Naqueles casos en que, no marco da súa participación no programa Voz Natura, os profesores dean acceso ou fagan chegar á Fundación datos e/ou a imaxe de terceiros para a realización, xestión ou divulgación do programa, con carácter previo comprométense a informar das presentes bases e a solicitar o consentimento dos interesados ou ben, no caso de que sexan menores de 14 anos, dos seus pais ou tutores legais.

O nome e a imaxe dos participantes, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo a Fundación Santiago Rey Fernández- Latorre, sempre que dita comunicación pública estea relacionada coa súa participación no programa ou coa publicación dos seus traballos -salvo que o autor solicite calquera modificación con arranxo á normativa vixente-.

Con idénticas finalidades ás sinaladas na presente cláusula, os interesados consenten expresamente a cesión dos datos que facilitasen para a súa participación no programa a La Voz de Galicia, S.A., editora do diario La Voz de Galicia e [www.lavozdegalicia.es](http://www.lavozdegalicia.es), e Voz de Galicia Radio, S.L.U., titular da emisora RadioVoz.

Salvando o anterior, non se realizarán cesións de datos persoais a terceiros, excepto no caso de que exista unha obrigación legal. Así mesmo poderán ter acceso a datos persoais os provedores (encargados do tratamento) da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre que necesiten acceder a datos para a prestación de servizos contratada que, a título enunciativo e non limitativo, prestan servizos nos sectores de servizos administrativos, xestión de sitios web; os provedores utilizarán os datos únicamente para a prestación do servizo e

# CONSTRUAMOS UN FUTURO SEN PLÁSTICO

Voz NATURA



conforme ás instrucións da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. Pode pedir máis información a través de [lopd@lavoz.es](mailto:lopd@lavoz.es).

Os datos conservaranse mentres sexan necesarios para os fins para os que se solicitaron, e durante os prazos de prescrición previstos.

Os interesados poderán exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e, no seu caso, portabilidade dos seus datos persoais, así como de oposición e limitación ao tratamento dos seus datos, dirixíndose á Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre a través da dirección de correo electrónico [lopd.fundacion@lavoz.es](mailto:lopd.fundacion@lavoz.es), ou na seguinte dirección: La Voz de Galicia, S.A. – Protección de datos, Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), indicando os detalles correspondentes á súa solicitude e acreditando debidamente a súa identidade (e, no seu caso, representación).

Infórmase así mesmo ao participante de que ten dereito a obter información sobre o exercicio dos seus derechos e/ou presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).